galicia
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Paseo da Igualdade, 5
15895 O Milladoiro-Ames
T. 881867863
ies.milladoiro@edu.xunta.es
IES do MILLADOIRO

Addenda as NOFC do centro

(Aprobada en Consello Escolar o 4 de marzo de 2024)

Uso dos teléfonos móbiles; modificacion punto d) nas NOFC, páxina 25, con motivo da publicación da *Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos, pola que se aproba o protocolo sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia*.

> Está prohibido usar o teléfono móbil e calquera dispositivo electrónico análogo (auriculares, tabletas, mp3...) como mecanismo de comunicación durante a xornada escolar e en todo o recinto educativo, tanto nos períodos lectivos como nos non lectivos: as entradas e saídas, o tempo de recreo e os perídoso dedicados ao desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares realizadas durante a xornada escolar dentro do centro. Se un alumno/a é sorprendido/a con eles encendidos ou usándoos, deberá apagalos inmediatamente e se lle aplicará unha corrección por conduta contraria á convivencia.
> O uso do móbil ten un regulamento especial nas actividades complementarias e extraescolares que se realizan fóra do centro: saídas, viaxes, intercambios... Neses casos, o alumnado e as súas familias deberán asinar un contrato de cumprimento do uso do móbil e outras normas de convivencia durante o período que dure a actividade.
> O alumnado só poderá usar o móbil cando conte co permiso do profesorado para realizar unha actividade pedagóxica ou con finalidade educativa. Así mesmo, poderá empregalo por necesidade xustificada e conte coa autorización previa do profesorado ou da dirección do centro.

Protocolo de puntualidade (páxinas 3 e 4 das NOFC)

Eliminación dos apartados c), d), e) relacionados coa prohibición de entrada á aula despois dunha impuntualidade. Introdución do seguinte apartado:

> O alumnado que sexa impuntual poderá ser sancionado segundo a extensión da súa demora en forma de servizos á comunidade durante os tempos non lectivos (recreos ou tardes nas que o centro está aberto).